

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO: Relixión

CURSO: 4 ESO

MATERIA: Relixión 4º DE ESO

PROFESOR/A: Manuela Carballude

1. Estándares de aprendizaxe, criterios de avaliación e competencias imprescindibles da 1ª e 2ª avaliación.

Bloque 1. O sentido relixioso do home / 1ª Avaliación

Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia / 2ª Avaliación

CRITERIOS DE AVALIACION	ESTANDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES
<p>1. Aprender e memorizar os principais trazos comúns das relixións. 2. Comparar e distinguir a intervención de Deus na historia dos intentos humanos de resposta á procura de sentido.</p>	<p>1.1 Identifica e clasifica os trazos principais (ensino, comportamento e culto) nas relixións monoteístas. 1.2 Busca información e presenta ao grupo as respostas das distintas relixións ás preguntas de sentido. 2.1 Razona por que a revelación é a plenitude da experiencia relixiosa. 2.2 Analiza e debate as principais diferenzas entre a revelación de Deus e as relixións.</p>
<p>1. Recoñecer e valorar as accións de Deus fiel ao longo da historia. 2. Comparar e apreciar a novidade entre o Mesías sufrinte e o Mesías político</p>	<p>1.1 Identifica e aprecia a fidelidade permanente de Deus que atopa na historia de Israel. 1.2 Toma conciencia e agradece os momentos da súa historia nos que recoñece a fidelidade de Deus. 2.1 Identifica, clasifica e compara os trazos do Mesías sufrinte e o Mesías político. 2.2 Esfórzase por comprender a novidade do Mesías sufrinte como criterio de vida.</p>

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

-Mecanismo para a recuperación de avaliacións suspensas:

* ALUMNADO CON AVALIACIÓNS SUSPENSAS:

O alumnado deberá recuperar as avaliacións suspensas entregando as tarefas telemáticas que a profesora lle están pedindo ao longo deste terceiro trimestre. O alumnado acada así unha cualificación positiva nas avaliacións suspensas e poderá subir nota coma o resto do alumnado.

-Actividades de repaso,reforzo ou ampliación.

- Actividades e traballo de repaso e reforzo e ampliación das aprendizaxes
- Explicación das tarefas, a través do correo electrónico e whassap

-Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)

- Emprego de instrucións e material na Aula Virtual do centro.

- Materiais e recursos

- Documentos elaborados polo departamento con explicacións e indicacións. Pendurados na Aula Virtual

3.Avaliación e cualificación:

-Instrumentos na 1ª e 2ª avaliación

Probas escritas. Actitude cara á materia. Interese e motivación. Traballo na aula. Proxectos do departamento.

-Instrumentos no período especial:

O alumnado, nesta nova etapa iniciada o 13 de marzo, pode subir nota (ata un máximo de 1 puntos) se realiza as tarefas encomendadas pola profesora, a través da aula virtual.

Ata 0,5 = presentación de todas as tarefas demandadas no prazo marcado. Ata 0,5 = grado de corrección das tarefas presentadas.

- Procedemento para o cálculo da cualificación final

- A nota final resultará do cálculo da media das cualificacións da 1ª e da 2ª avaliación, segundo os criterios establecidos na programación. Poderase subir ata 1 puntos segundo o arriba indicado

4. Procedemento para información ao alumnado e familias . Publicidade

- Este documento será pendurado na páxina web do centro.
- Enviarase, tamén, ás familias por ABALAR.

5. Exames de setembro

Proba escrita dos estándares correspondentes da 1ª e da 2ª avaliación. Os criterios de avaliación serán os mesmos que para a 1ª e 2ª avaliación e poden ser consultados nas táboas que aparecen nesta programación.

No caso de non poder realizar un exame presencial, o mecanismo, criterios de avaliación e estándares serán os mesmos que para as recuperacións.